

Declaro abertamente que tiven necesidade de escribir sempre e o proceso de creación repítese sempre. Penso moito primeiro, elaboro os poemas mentalmente tentando chegar ao núcleo que lle dea unidade e sentido completo ao que quero expresar en versos. Logo, escribo dun tirón, con impulso, sempre a man, recoñezo publicamente a miña imposibilidade para usar unha máquina, e case sempre po-la tarde, aínda que ultimamente me descubro de madrugada cunha idea rondando na cabeza e teño que erguerme do leito de inmediato para escribila. Así que a pequena cadeira do meu cuarto tenme acompañado moito na confección da escrita. E as miñas pernas tamén, que, cruzada unha sobre a outra, me serven de apoio do papel e do bolígrafo; nunca escribo sentada nunha mesa.

Do libro *Vivir unha aventura irrepitíbel*.
Biografía de María de María do Carme Kruckenberg
Editorial Galaxia, 2011, p. 178